

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8406 *Lei 1/2012, do 22 de xuño, de simplificación das obrigas de información e documentación de fusións e escisións de sociedades de capital.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

1. A incorporación ao dereito español das directivas da Unión Europea en materia de sociedades de capital xerou un continuado proceso de reforma deste sector do ordenamento xurídico. Desde a Lei 19/1989, do 25 de xullo, de reforma parcial e adaptación da lexislación mercantil ás directivas da Comunidade Económica Europea en materia de sociedades, que incorporou en bloque ao dereito interno as directivas ata entón aprobadas, ata a máis recente Lei 25/2011, do 1 de agosto, de reforma parcial da Lei de sociedades de capital e de incorporación da Directiva 2007/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo, sobre o exercicio dos dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas, fóronse sucedendo frecuentes modificacións da lexislación societaria. Ese proceso de reforma para a obrigada harmonización comunitaria foi paralelo ao de modernización do dereito desta clase de sociedades, cuxo réxime xurídico, superada a dualidade de leis –a Lei de sociedades anónimas e a Lei de sociedades de responsabilidade limitada– se contén agora no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

En materia de fusións e de escisións, a primeira opción do lexislador español consistiu en incorporar o contido da Directiva 77/855/CEE, do 9 de outubro de 1978, relativa ás fusións das sociedades anónimas, e da Directiva 82/891/CEE, do 17 de decembro de 1982, referente á escisión desas sociedades, ás leis especiais reguladoras das sociedades anónimas e das sociedades de responsabilidade limitada (artigos 6 e 13 da Lei 19/1989, do 25 de xullo), pero posteriormente, con ocasión da incorporación ao dereito interno da Directiva 2005/56/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2005, relativa ás fusións transfronteirizas das sociedades de capital, e da Directiva 2007/63/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, de modificación da terceira e da sexta directiva, optouse –seguindo a solución xa propugnada pola Proposta de código de sociedades mercantís de 2002– por aprobar a Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís, na cal, tomando como modelo o réxime das directivas, se regulan, xunto coa transformación de sociedades, a fusión e a escisión, a cesión global de activo e pasivo e o traslado internacional do domicilio social.

Neste proceso de modernización e mellora do réxime xurídico das sociedades de capital foi esencial a contribución da Sección de Dereito Mercantil da Comisión Xeral de Codificación e, dentro dela, da Ponencia de Dereito de Sociedades, á cal lle correspondeu, en boa medida, o mérito de que o dereito español en materia de sociedades teña recoñecida calidade.

2. Nos últimos anos, a Unión Europea emprendeu unha política de simplificación do dereito das sociedades de capital, especialmente para a redución de custos e a simplificación de cargas. Ata agora esa política traducíuse na Directiva 2006/68/CE, do

Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, pola que se modificou a Directiva 77/91/CEE, do Consello, no relativo á constitución da sociedade anónima, así como ao mantemento e modificacións do capital social, cuxo contido foi incorporado ao dereito español pola Lei 3/2009, do 3 de abril (disposición derradeira primeira). A lexislación española, pola súa parte, continuou ese proceso, dentro das marxes permitidas polas directivas comunitarias, na xa citada Lei 25/2011, do 1 de agosto, en materias tan importantes como a convocatoria da xunta xeral, a publicidade en prensa de determinadas modificacións estatutarias, o depósito das contas anuais e o réxime xurídico da liquidación.

Ao mesmo obxectivo de simplificación responde a Directiva 2009/109/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, pola que se modifican as directivas 77/91/CEE, 78/855/CEE e 82/891/CEE, do Consello, e a Directiva 2005/56/CE no que se refire ás obrigas de información e documentación no caso das fusións e escisións. O feito de que o prazo de incorporación ao dereito español da Directiva 2009/109/CE finalizase o pasado 30 de xuño de 2011, xustificou o recurso á figura do real decreto lei. En primeiro lugar, porque as sociedades de capital españolas non deben contar cun réxime legal máis rigoroso que as sociedades sometidas ás lexislacións dos demais Estados comunitarios, con efectos negativos, ademais, na competencia fronte aos demais ordenamentos xurídicos da Unión; e, en segundo lugar, polas gravosas consecuencias económicas da multa que a Unión Europea imporfa a España se persistise o atraso na transposición. Concorrían, pois, indubidablemente, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que, a teor do artigo 86.1 da Constitución, habilitan o Goberno para adoptar disposicións con rango de lei mediante real decreto lei.

3. A incorporación ao dereito español das normas da Directiva 2009/109/CE exige, en primeiro lugar, a modificación da Lei de sociedades de capital co fin de engadir novas excepcións á existencia de informe de experto independente para a valoración das achegas non pecuniarias na sociedade anónima, e exige, en segundo lugar, e sobre todo, a modificación dalgúns artigos da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís co fin de simplificar, conforme o establecido nesa directiva, algúns particulares do réxime xurídico de fusións –incluídas as transfronteirizas– e das escisións. Na medida en que o réxime das escisións se regula por remisión aos requisitos das fusións, sen máis excepcións que as contidas no capítulo II do título III da citada Lei 3/2009, do 3 de abril, as normas referidas ás fusións son as máis afectadas por esta reforma.

II

1. En materia de fusións e de escisión, a Directiva 2009/109/CE simplifica en determinados casos o número ou o contido dos documentos que deben ser postos á disposición dos socios e axiliza estas operacións societarias canalizando a publicidade previa ao acordo de fusión a través da páxina web das sociedades de capital como alternativa ao depósito dos proxectos de fusión e de escisión no Rexistro Mercantil. Na mesma liña, prevé que, se o socio o acepta, as comunicacións que tiver que realizar a sociedade se poidan efectuar por medios electrónicos.

A presente lei incorpora estas innovacións, coidando especialmente de que esa simplificación non afecte a adecuada tutela dos acredores e dos traballadores da sociedade. A incorporación realizouse tendo moi en conta o marco normativo en que se insiren as novidades contidas na Directiva 2009/109/CE, con respecto aos principios xerais de política e de técnica lexislativas con que se confeccionou a moi complexa Lei 3/2009, do 3 de abril; e de aí a necesidade de dar nova redacción a distintos artigos do título II da dita lei.

Ao mesmo tempo, co propósito de facilitar o funcionamento das sociedades mercantís e de posibilitar o cada vez máis urxente aforro de custos, a presente lei potencia a páxina web e as comunicacións electrónicas; e faino incluíndo dentro do capítulo II da Lei de sociedades de capital o réxime xurídico xeral da páxina web e a previsión expresa desas comunicacións electrónicas entre a sociedade e os socios. Polo que se refire ao réxime

xurídico xeral desa páxina –que ten carácter obrigatorio para as sociedades cotizadas–, régúlase a creación, a modificación, o traslado e a supresión dela, establécense os deberes dos administradores respecto do inserido nela e disciplínanse as cuestións referentes á interrupción do acceso.

2. A Lei é fiel á tradicional configuración do dereito de oposición dos acredores na lexislación española, na cal o recoñecemento deste dereito non se condiciona a que a situación financeira da sociedade debedora faga necesaria unha especial tutela. Nesta materia, o carácter de réxime mínimo de protección que ten o contido das directivas 78/855/CEE, 82/891/CEE, 2005/56/CE e a que agora se incorpora dá lexitimidade ao mantemento no noso dereito da ampliación subxectiva dos acredores protexidos. Pero, seguindo a Directiva, á vez que evita que a infracción dos deberes a cargo da sociedade en caso de lexítima oposición poida afectar a eficacia da fusión ou da escisión, a presente lei amplía as posibilidades de acción dos acredores nos casos en que, non obstante a prohibición expresa da lei, a fusión ou a escisión se leven a cabo sen a prestación das garantías necesarias a favor do opositor. A Lei establece, en efecto, que, se a fusión se tiver levado a cabo non obstante o exercicio, en tempo e forma, do dereito de oposición, sen prestación de garantía por parte da sociedade, o acredor pode solicitar do Rexistro Mercantil que, por nota á marxe da inscrición practicada, se faga constar o exercicio dese dereito, permitindo que, dentro dos seis meses seguintes á data desta nota marxinal, poida presentar demanda ante o xulgado do mercantil contra a sociedade absorbente ou contra a nova sociedade solicitando a prestación de garantía do pagamento do crédito.

III

En fin, a Lei modifica a redacción das normas contidas na Lei 3/2009 relativas ao dereito de separación dos socios en caso de fusión transfronteiriza e en caso de traslado ao estranxeiro do domicilio social. Esta lei recoñece dereito de separación ao socio neses dous supostos, pero faino «conforme o disposto para as sociedades de responsabilidade limitada». Coa promulgación do texto refundido da Lei de sociedades de capital derogouse a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, xeneralizando o réxime do dereito de separación nela contido. A referencia contida na Lei 3/2009, do 3 de abril, a ese réxime derogado é, cando menos, equívoca, polo que, por un elemental imperativo de seguridade xurídica, resulta imprescindible substituír esa remisión, de modo tal que o réxime sexa o establecido no actual título IX da Lei de sociedades de capital, que é onde se regula o exercicio dese dereito cando concorre causa legal ou estatutaria de separación.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Modifícanse os artigos 11 bis, 69 e 173, e introdúcense os artigos 11 ter e 11 quáter e unha disposición transitoria nova no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, nos termos seguintes:

Un. Introdúcese no capítulo II do título I unha nova sección, a 4.^a, integrada polos artigos 11 bis, cuxa actual redacción se modifica, 11 ter e 11 quáter:

«Sección 4.^a Páxina web

Artigo 11 bis. *Páxina web da sociedade.*

1. As sociedades de capital poderán ter unha páxina web corporativa. Esta páxina será obrigatoria para as sociedades cotizadas.

2. A creación dunha páxina web corporativa deberá ser acordada pola xunta xeral da sociedade. Na convocatoria da xunta, a creación da páxina web deberá figurar expresamente na orde do día da reunión. Salvo disposición estatutaria en

contrario, a modificación, o traslado ou a supresión da páxina web da sociedade será competencia do órgano de administración.

3. O acordo de creación da páxina web farase constar na folla aberta á sociedade no rexistro mercantil competente e será publicado no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”.

O acordo de modificación, de traslado ou de supresión da páxina web farase constar na folla aberta á sociedade no rexistro mercantil competente e será publicado no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”, así como na propia páxina web que se acordou modificar, trasladar ou suprimir durante os trinta días seguintes contados desde a inserción do acordo.

A publicación da páxina web da sociedade no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” será gratuíta.

Ata que a publicación da páxina web no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” teña lugar, as insercións que realice a sociedade na páxina web non terán efectos xurídicos.

Os estatutos sociais poderán exixir que, antes de que se fagan constar na folla aberta á sociedade no Rexistro Mercantil, estes acordos se notifiquen individualmente a cada un dos socios.

Artigo 11 ter. *Publicacións na páxina web.*

1. A sociedade garantizará a seguridade da páxina web, a autenticidade dos documentos publicados nesa páxina, así como o acceso gratuíto a ela con posibilidade de descarga e impresión do inserido nela.

2. A carga da proba do feito da inserción de documentos na páxina web e da data en que esa inserción tivese lugar corresponderá á sociedade.

3. Os administradores teñen o deber de manter o inserido na páxina web durante o prazo exixido pola lei, e responderán solidariamente entre si e coa sociedade fronte aos socios, acredores, traballadores e terceiros dos prexuízos causados pola interrupción temporal de acceso a esa páxina, salvo que a interrupción se deba a caso fortuíto ou de forza maior. Para acreditar o mantemento do inserido durante o prazo exixido pola lei será suficiente a declaración dos administradores, que poderá ser desvirtuada por calquera interesado mediante calquera proba admisible en dereito.

4. Se a interrupción de acceso á páxina web for superior a dous días consecutivos ou catro alternos, non se poderá celebrar a xunta xeral que tivese sido convocada para acordar sobre o asunto a que se refira o documento inserido nesa páxina, salvo que o total de días de publicación efectiva sexa igual ou superior ao prazo exixido pola lei. Nos casos en que a lei exixa o mantemento da inserción despois de realizada a xunta xeral, de se producir interrupción, deberá prolongarse a inserción por un número de días igual ao de días en que o acceso estivese interrompido.

Artigo 11 quáter. *Comunicacións por medios electrónicos.*

As comunicacións entre a sociedade e os socios, incluída a remisión de documentos, solicitudes e información, poderán realizarse por medios electrónicos sempre que as ditas comunicacións fosen aceptadas polo socio. A sociedade habilitará, a través da propia web corporativa, o correspondente dispositivo de contacto coa sociedade que permita acreditar a data indubitada da recepción así como o contido das mensaxes electrónicas intercambiadas entre socios e sociedade.»

Dous. Engádense tres novas alíneas c), d) e e) ao final do artigo 69, coa seguinte redacción:

«c) Cando na constitución dunha nova sociedade por fusión ou escisión se elaborase un informe por parte dun experto independente sobre o proxecto de fusión ou escisión.

d) Cando o aumento do capital social se realice coa finalidade de entregar as novas accións ou participacións sociais aos socios da sociedade absorbida ou escindida e se elaborase un informe por parte dun experto independente sobre o proxecto de fusión ou escisión.

e) Cando o aumento do capital social se realice coa finalidade de entregar as novas accións aos accionistas da sociedade que sexa obxecto dunha oferta pública de adquisición de accións.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 173, nos termos seguintes:

«Artigo 173. *Forma da convocatoria.*

1. A xunta xeral será convocada mediante anuncio publicado na páxina web da sociedade se esta fose creada, inscrita e publicada nos termos previstos no artigo 11 bis. Cando a sociedade non tiver acordado a creación da súa páxina web ou aínda non estiver esta debidamente inscrita e publicada, a convocatoria publicarase no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” e nun dos xornais de maior circulación na provincia en que estea situado o domicilio social.

2. En substitución da forma de convocatoria prevista no parágrafo anterior, os estatutos poderán establecer que a convocatoria se realice por calquera procedemento de comunicación individual e escrita que asegure a recepción do anuncio por todos os socios no domicilio designado para o efecto ou no que conste na documentación da sociedade. No caso de socios que residan no estranxeiro, os estatutos poderán prever que só serán individualmente convocados se designasen un lugar do territorio nacional para notificacións.

3. Os estatutos poderán establecer mecanismos adicionais de publicidade aos previstos na lei e impor á sociedade a xestión telemática dun sistema de alerta aos socios dos anuncios de convocatoria inseridos na web da sociedade.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria nova co seguinte contido:

«Disposición transitoria.

Suspéndese, ata o 31 de decembro de 2014, a aplicación do disposto no artigo 348 bis desta lei.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís.*

Modifícanse os artigos 32, 34, 36, 39, 40, 42, 44, 45, 50, 51, 62 e 99 e introdúcese o artigo 78 bis na Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís, nos termos seguintes:

Un. O artigo 32 queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Publicidade.*

1. Os administradores están obrigados a inserir o proxecto común de fusión na páxina web de cada unha das sociedades que participan na fusión, sen prexuízo de poder depositar voluntariamente un exemplar do proxecto común de fusión no rexistro mercantil correspondente a cada unha das sociedades que participan nela. O feito da inserción do proxecto de fusión na páxina web publicarase de forma gratuíta no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”, con expresión da páxina web en que figure e da data da inserción. A inserción na web do proxecto e a data desta acreditaranse mediante a certificación do contido daquela, remitido ao

correspondente rexistro mercantil, e deberase publicar no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” dentro dos cinco días seguintes ao da recepción da última certificación.

A inserción na páxina web e a publicación deste feito no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” deberán efectuarse cun mes de antelación, polo menos, á data prevista para a realización da xunta xeral que deba acordar a fusión. A inserción do proxecto de fusión na páxina web deberase manter ata que finalice o prazo para o exercicio polos acredores do dereito de oposición á fusión.

2. Se algunha das sociedades que participan na fusión carece de páxina web, os administradores están obrigados a depositar un exemplar do proxecto común de fusión no rexistro mercantil en que estea inscrita. Efectuado o depósito, o rexistrador comunicará ao rexistrador mercantil central, para a súa inmediata publicación gratuíta no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”, o feito do depósito e a data en que tivo lugar.

3. A publicación do anuncio de convocatoria das xuntas de socios que deban resolver sobre a fusión ou a comunicación individual dese anuncio aos socios non se poderá realizar antes da publicación da inserción ou do depósito do proxecto no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”.»

Dous. No artigo 34, modifícase o primeiro parágrafo do número 1, suprímese o número 3 e os números 4 e 5 pasan a ser números 3 e 4, que quedan redactados como segue:

«1. Cando algunha das sociedades que participan na fusión sexa anónima ou comanditaria por accións, os administradores de cada unha das sociedades que se fusionan deberán solicitar do rexistrador mercantil correspondente ao domicilio social o nomeamento de un ou varios expertos independentes e distintos, para que, por separado, emitan informe sobre o proxecto común de fusión.

Non obstante o anterior, os administradores de todas as sociedades que se fusionan a que se refire o punto anterior poderán pedir ao rexistrador mercantil que designe un ou varios expertos para a elaboración dun único informe. A competencia para o nomeamento corresponderá ao rexistrador mercantil do domicilio social da sociedade absorbente ou do que figure no proxecto común de fusión como domicilio da nova sociedade.

2. Os expertos nomeados poderán obter das sociedades que participan na fusión, sen ningunha limitación, todas as informacións e documentos que crean útiles e proceder a todas as verificacións que xulguen necesarias.

3. O informe do experto ou dos expertos estará dividido en dúas partes: na primeira, deberá expor os métodos seguidos polos administradores para establecer o tipo de troca das accións, participacións ou cotas dos socios das sociedades que se extinguen, explicar se eses métodos son adecuados, con expresión dos valores a que conducen e, de existiren, as dificultades especiais de valoración, e manifestar a opinión de se o tipo de troca está ou non xustificado; e na segunda, deberá manifestar a opinión de se o patrimonio achegado polas sociedades que se extinguen é igual, polo menos, ao capital da nova sociedade ou ao importe do aumento do capital da sociedade absorbente.

4. O contido do informe do experto ou dos expertos sobre o proxecto de fusión estará integrado unicamente pola segunda parte cando, en todas as sociedades que participan na fusión, así o acordasen todos os socios con dereito de voto e, ademais, todas as persoas que, se é o caso, segundo a lei ou os estatutos sociais, sexan titulares dese dereito.»

Tres. Engádese un novo número 3 ao artigo 36, coa seguinte redacción:

«3. Se na fusión participan unha ou varias sociedades anónimas cotizadas cuxos valores estean xa admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun mercado regulado domiciliado na Unión Europea, o balance de fusión poderá ser substituído polo informe financeiro semestral de cada unha delas

exixido pola lexislación sobre mercado de valores, sempre que o dito informe fose pechado e feito público dentro dos seis meses anteriores á data do proxecto de fusión. O informe porase á disposición dos accionistas na mesma forma que a establecida para o balance de fusión.»

Catro. O artigo 39 queda redactado como segue:

«1. Antes da publicación do anuncio de convocatoria das xuntas de socios que deban resolver sobre a fusión ou da comunicación individual dese anuncio aos socios, os administradores deberán inserir na páxina web da sociedade, con posibilidade de descargarlos e imprimilos ou, se non tiver páxina web, pór á disposición dos socios, obrigacionistas, titulares de dereitos especiais e dos representantes dos traballadores, no domicilio social, os seguintes documentos:

1.º O proxecto común de fusión.

2.º Se é o caso, os informes dos administradores de cada unha das sociedades sobre o proxecto de fusión.

3.º Se é o caso, os informes dos expertos independentes.

4.º As contas anuais e os informes de xestión dos tres últimos exercicios, así como os correspondentes informes dos auditores de contas das sociedades nas que sexan legalmente exixibles.

5.º O balance de fusión de cada unha das sociedades, cando sexa distinto do último balance anual aprobado, acompañado, se for exixible, do informe de auditoría ou, no caso de fusión de sociedades cotizadas, o informe financeiro semestral polo cal o balance se tiver substituído.

6.º Os estatutos sociais vixentes incorporados a escritura pública e, se for o caso, os pactos relevantes que vaian constar en documento público.

7.º O proxecto de escritura de constitución da nova sociedade ou, se se trata dunha absorción, o texto íntegro dos estatutos da sociedade absorbente ou, na falta destes, da escritura pola cal se rexa, incluíndo destacadamente as modificacións que se deban introducir.

8.º A identidade dos administradores das sociedades que participan na fusión, a data desde a cal desempeñan os seus cargos e, se é o caso, as mesmas indicacións daqueles que vaian ser propostos como administradores como consecuencia da fusión.

2. Se a sociedade non tiver páxina web, os socios, os obrigacionistas, os titulares de dereitos especiais e os representantes dos traballadores que así o soliciten por calquera medio admitido en dereito terán dereito ao exame no domicilio social de copia íntegra dos documentos a que se refire o punto anterior, así como á entrega ou ao envío gratuítos dun exemplar de cada un deles.

3. As modificacións importantes do activo ou do pasivo acaecidas en calquera das sociedades que se fusionan, entre a data de redacción do proxecto de fusión e a da reunión da xunta de socios que deba aprobala, deberán selle comunicar á xunta de todas as sociedades que se fusionan. Para tal efecto, os administradores da sociedade en que se producen as modificacións deberán pór en coñecemento dos administradores das restantes sociedades para que poidan informar as súas respectivas xuntas. Esta información non será exixible cando, en todas e cada unha das sociedades que participen na fusión, o acorden todos os socios con dereito de voto e, se é o caso, os que de acordo coa lei ou cos estatutos poidan exercer lexitimamente ese dereito.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 40, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. A publicación da convocatoria da xunta ou a comunicación individual dese anuncio aos socios deberán realizarse cun mes de antelación, como mínimo, á data prevista para a realización da xunta; deberán incluír as mencións mínimas do

proxecto de fusión legalmente exixidas; e farán constar a data de inserción dos documentos indicados no artigo anterior na páxina web da sociedade ou, se esta non tiver páxina web, o dereito que corresponde a todos os socios, obrigacionistas, titulares de dereitos especiais e representantes dos traballadores a examinareno no domicilio social copia deses documentos, así como a obtereno a entrega ou o envío gratuítos destes.»

Seis. O artigo 42 queda redactado como segue:

«1. O acordo de fusión poderase adoptar sen necesidade de publicar ou depositar previamente os documentos exixidos pola lei e sen informe dos administradores sobre o proxecto de fusión cando se adopte, en cada unha das sociedades que participan na fusión, en xunta universal e por unanimidade de todos os socios con dereito de voto e, se é o caso, dos que de acordo coa lei ou os estatutos poidan exercer lexitimamente ese dereito.

2. Os dereitos de información dos representantes dos traballadores sobre a fusión, incluída a información sobre os efectos que puider ter sobre o emprego, non poderán ser restrinxidos polo feito de que a fusión sexa aprobada en xunta universal.»

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 44 e engádesse un novo número 4, coa seguinte redacción:

«2. Dentro dese prazo, os acredores de cada unha das sociedades que se fusionan cuxo crédito nacesse antes da data de inserción do proxecto de fusión na páxina web da sociedade ou de depósito dese proxecto no Rexistro Mercantil e non estiver vencido nese momento, poderanse opor á fusión ata que se lles garantan tales créditos. Se o proxecto de fusión non se tiver inserido na páxina web da sociedade nin depositado no rexistro mercantil competente, a data de nacemento do crédito deberá ter sido anterior á data de publicación do acordo de fusión ou da comunicación individual dese acordo co acredor.

Os obrigacionistas poderán exercer o dereito de oposición nos mesmos termos que os restantes acredores, salvo que a fusión tiver sido aprobada pola asemblea de obrigacionistas.

Os acredores cuxos créditos se encontren xa suficientemente garantidos non terán dereito de oposición.»

«4. Se a fusión se tiver levado a efecto a pesar do exercicio, en tempo e forma, do dereito de oposición por acredor lexítimo, sen observancia do establecido no punto anterior, o acredor que se opuxese poderá solicitar do rexistro mercantil en que se inscribise a fusión que, por nota á marxe da inscrición practicada, se faga constar o exercicio do dereito de oposición.

O rexistrador practicará a nota marxinal se o solicitante acredita ter exercido, en tempo e forma, o dereito de oposición mediante comunicación fidedigna á sociedade da que for acredor. A nota marxinal cancelárase de oficio aos seis meses da súa data, salvo que con anterioridade se fixese constar, por anotación preventiva, a interposición de demanda ante o xulgado do mercantil contra a sociedade absorbente ou contra a nova sociedade na cal se solicite a prestación de garantía do pagamento do crédito conforme o establecido nesta lei.»

Oito. O número 1 do artigo 45 queda redactado como segue:

«1. As sociedades que se fusionan elevarán o acordo de fusión adoptado a escritura pública, á cal se incorporará o balance de fusión daquelas ou, no caso de fusión de sociedades cotizadas, o informe financeiro semestral polo cal o balance se tiver substituído.»

Nove. O número 2 do artigo 50 queda redactado como segue:

«2. No proxecto de fusión deberá constar o valor establecido para a adquisición das accións ou participacións sociais. Os socios que manifesten a vontade de transmitiren as accións ou participacións sociais á sociedade absorbente, pero que non estivesen de acordo co valor que para estas se fixese constar no proxecto, poderán, á súa elección e dentro do prazo de seis meses desde que notificaron a súa vontade de allear as súas accións ou participacións, optar entre solicitar do rexistro mercantil correspondente ao domicilio da sociedade absorbente a designación dun auditor de contas, distinto do da sociedade, para que determine o valor razoable das súas accións ou participacións, ou ben exercer as accións xudiciais correspondentes para exixir que esta as adquira polo valor razoable que se fixe no procedemento.»

Dez. O número 1 do artigo 51 queda redactado como segue:

«1. Cando a sociedade absorbente for titular directa do noventa por cento ou máis do capital social da sociedade ou das sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada que vaian ser obxecto de absorción, non será necesaria a aprobación da fusión pola xunta de socios da sociedade absorbente, sempre que cun mes de antelación como mínimo á data prevista para a realización da xunta ou xuntas das sociedades absorbidas que se deban pronunciar sobre o proxecto de fusión, ou, en caso de sociedade integramente participada, á data prevista para a formalización da absorción, cada unha das sociedades participantes na operación tiver publicado o proxecto cun anuncio, publicado na páxina web da sociedade ou, caso de non existir, no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” ou nun dos xornais de gran circulación na provincia en que cada unha das sociedades teña o seu domicilio, no cal se faga constar o dereito que corresponde aos socios da sociedade absorbente e aos acredores das sociedades que participan na fusión a examinareno domicilio social os documentos indicados nos números 1.º e 4.º, e, se for o caso, 2.º, 3.º e 5.º, do número 1 do artigo 39, así como a obteren, cando non se publicase na páxina web, nos termos previstos no artigo 32, a entrega ou o envío gratuítos do seu texto íntegro.

No anuncio deberase mencionar o dereito dos socios que representen, polo menos, o un por cento do capital social a exixiren a realización da xunta da sociedade absorbente para a aprobación da absorción, así como o dereito dos acredores desa sociedade a se oporen á fusión no prazo dun mes desde a publicación do proxecto nos termos establecidos nesta lei.»

Once. O artigo 62 queda redactado como segue:

«Os socios das sociedades españolas participantes nunha fusión transfronteiriza intracomunitaria que votasen en contra do acordo dunha fusión cuxa sociedade resultante teña o seu domicilio noutro Estado membro poderán separarse da sociedade conforme o disposto no título IX da Lei de sociedades de capital.»

Doce. Introdúcese o artigo 78 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 78 bis. *Simplificación de requisitos.*

No caso de escisión por constitución de novas sociedades, se as accións, participacións ou cotas de cada unha das novas sociedades se atribúen aos socios da sociedade que se escinde proporcionalmente aos dereitos que tiñan no capital desta, non serán necesarios o informe dos administradores sobre o proxecto de escisión nin o informe de expertos independentes, así como tampouco o balance de escisión.»

Trece. O artigo 99 queda redactado como segue:

«Os socios que tivesen votado en contra do acordo de traslado do domicilio social ao estranxeiro poderán separarse da sociedade conforme o disposto no título IX da Lei de sociedades de capital.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Un. Modifícase o punto terceiro do artigo 188 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Na sociedade anónima, os estatutos poderán fixar con carácter xeral o número máximo de votos que poden emitir un mesmo accionista, as sociedades pertencentes a un mesmo grupo ou os que actúen de forma concertada cos anteriores, sen prexuízo da aplicación ás sociedades cotizadas do establecido no artigo 527.»

Dous. Modifícase o artigo 527 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 527. *Cláusulas limitativas do dereito de voto.*

Nas sociedades anónimas cotizadas as cláusulas estatutarias que, directa ou indirectamente, fixen con carácter xeral o número máximo de votos que poden emitir un mesmo accionista, as sociedades pertencentes a un mesmo grupo ou os que actúen de forma concertada cos anteriores, quedarán sen efecto cando, tras unha oferta pública de adquisición, o oferente alcanzase unha porcentaxe igual ou superior ao 70 por cento do capital que confira dereitos de voto, salvo que o dito oferente non estiver suxeito a medidas de neutralización equivalentes ou non as tiver adoptado.»

O resto do artigo 527 queda suprimido.

Tres. Modifícase o artigo 60 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60 ter. *Medidas de neutralización.*

1. As sociedades poderán decidir que se apliquen as seguintes medidas de neutralización:

a) A ineficacia, durante o prazo de aceptación da oferta, das restricións á transmisibilidade de valores previstas nos pactos parasociais referidos á dita sociedade.

b) A ineficacia, na xunta xeral de accionistas que decida sobre as posibles medidas de defensa a que se refire o artigo 60 bis.1 desta lei, das restricións ao dereito de voto previstas nos estatutos da sociedade afectada e nos pactos parasociais referidos á dita sociedade.

c) A ineficacia das restricións recollidas na alínea a) anterior e daquelas que, sendo das previstas na alínea b) anterior, se conteñan en pactos parasociais, cando, tras unha oferta pública de adquisición, o oferente alcanzase unha porcentaxe igual ou superior ao 70 por cento do capital que confira dereitos de voto.

2. As cláusulas estatutarias que, directa ou indirectamente, fixen con carácter xeral o número máximo de votos que poden emitir un mesmo accionista, as sociedades pertencentes a un mesmo grupo ou os que actúen de forma concertada

cos anteriores, quedarán sen efecto cando, tras unha oferta pública de adquisición, o oferente alcanzase unha porcentaxe igual ou superior ao 70 por cento do capital que confira dereitos de voto, salvo que o dito oferente ou o seu grupo ou os que actúen de forma concertada cos anteriores non estean suxeitos a medidas de neutralización equivalentes ou non as tiveren adoptado.

3. A decisión de aplicar o número 1 deste artigo deberá ser adoptado pola xunta xeral de accionistas da sociedade, cos requisitos de quórum e maiorías previstos para a modificación de estatutos das sociedades anónimas no Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, e comunicaráselles á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos supervisores dos Estados membros en que as accións da sociedade estean admitidas a negociación, ou se solicitase a admisión. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facer pública esta comunicación nos termos e o prazo que se fixen regulamentariamente.

En calquera momento a xunta xeral de accionistas da sociedade poderá revogar a decisión de aplicar o número 1 deste artigo, cos requisitos de quórum e maiorías previstos para a modificación de estatutos das sociedades anónimas no Real decreto legislativo 1/2010, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital. A maioría exixida en virtude do presente parágrafo debe coincidir coa exixida en virtude do parágrafo anterior.

4. Cando a sociedade decida aplicar as medidas descritas no número 1 deberá prever unha compensación adecuada pola perda sufrida polos titulares dos dereitos alí mencionados.

5. As sociedades poderán deixar de aplicar as medidas de neutralización que teñan en vigor ao abeiro do disposto no número 1 deste artigo, cando sexan obxecto dunha oferta pública de adquisición formulada por unha entidade ou grupo ou os que actúen de forma concertada cos anteriores, que non adoptasen medidas de neutralización equivalentes.

Calquera medida que se adopte en virtude do disposto no parágrafo anterior requirirá autorización da xunta xeral de accionistas, cos requisitos de quórum e maiorías previstos para a modificación de estatutos das sociedades anónimas no Real decreto legislativo 1/2010, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, como máximo, dezaioito meses antes de que a oferta pública de adquisición se fixese pública.

6. Regulamentariamente poderanse establecer os demais aspectos cuxa regulación se xulgue necesaria para o desenvolvemento do disposto neste artigo.»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Un. Engádesse o número 6 ao artigo 60 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que ten o seguinte teor:

«6. Sen prexuízo do previsto no punto primeiro, as ofertas públicas de adquisición obrigatorias estarán suxeitas ao réxime do número 2 do artigo 61 da presente lei cando concorra algunha das circunstancias establecidas no número 3 do dito precepto.»

Dous. Engádense os números 2, 3 e 4 ao artigo 61 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Cando dentro dos dous anos anteriores ao anuncio relativo á oferta concorra algunha das circunstancias sinaladas no punto terceiro seguinte, o oferente deberá presentar un informe de experto independente sobre os métodos e criterios de valoración aplicados para determinar o prezo ofrecido, entre os cales se incluírán o valor medio do mercado nun determinado período, o valor liquidativo da sociedade, o valor da contraprestación pagada polo oferente polos mesmos valores nos doce meses previos ao anuncio da oferta, o valor teórico contable da sociedade e outros

criterios de valoración obxectivos xeralmente aceptados que, en todo caso, aseguren a salvagarda dos dereitos dos accionistas.

No informe xustificárase a relevancia respectiva de cada un dos métodos empregados na valoración. O prezo ofrecido non poderá ser inferior ao maior entre o prezo equitativo a que se refire o artigo 60 desta lei e o que resulte de tomar en conta e con xustificación da súa respectiva relevancia os métodos contidos no informe.

Así mesmo, se a oferta se formula como troca de valores, ademais do anterior, deberase incluír, polo menos como alternativa, unha contraprestación ou prezo en efectivo equivalente financeiramente, como mínimo, á troca ofrecida.

Coa finalidade de que a oferta se adecue ao disposto no presente punto, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adaptar o procedemento administrativo, ampliando os prazos na medida necesaria e requirindo as informacións e documentos que xulgue convenientes.

3. As circunstancias a que se refire o punto segundo anterior son as seguintes:

a) Que os prezos de mercado dos valores aos cales se dirixa a oferta presenten indicios razoables de manipulación que motivasen a incoación dun procedemento sancionador pola Comisión Nacional de Valores por infracción do disposto no artigo 83 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, sen prexuízo da aplicación das sancións correspondentes, e sempre que se lle notificase ao interesado o correspondente prego de cargos;

b) Que os prezos de mercado, en xeral, ou da sociedade afectada en particular, se visen afectados por acontecementos excepcionais tales como por catástrofes naturais, situacións de guerra ou calamidade ou outras derivadas de forza maior;

c) Que a sociedade afectada se vise suxeita a expropiacións, confiscacións ou outras circunstancias de igual natureza que poidan supor unha alteración significativa do valor real do seu patrimonio.

4. Regulamentariamente poderanse establecer os demais aspectos cuxa regulación se xulgue necesaria para o desenvolvemento do disposto neste artigo.»

Disposición transitoria primeira.

A publicidade efectuada nas páxinas web das sociedades cotizadas xa existentes no momento da entrada en vigor desta lei producirá en todo caso efectos xurídicos, sen prexuízo da súa adaptación ao disposto no artigo 11 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, na primeira xunta xeral que realicen tras a entrada en vigor desta lei. A existencia das páxinas web das sociedades cotizadas poderase facer constar no Rexistro Mercantil mediante certificación expedida polo secretario do consello da sociedade.

Disposición transitoria segunda.

O previsto na disposición adicional segunda da presente lei será aplicable ás ofertas públicas de adquisición que, no momento da súa entrada en vigor, aínda non tiveren sido autorizadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o Real decreto lei 9/2012, de simplificación das obrigas de información e documentación de fusións e escisións de sociedades de capital.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.6.^a da Constitución lle atribúe en exclusiva ao Estado en materia de lexislación mercantil.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta lei incorpóranse ao dereito español a Directiva 2009/109/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, pola que se modifican as directivas 77/91/CEE, 78/855/CEE e 82/891/CEE do Consello, e a Directiva 2005/56/CE, no que se refire ás obrigas de información e documentación no caso das fusións e escisións.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY